



## CIRCULAR INFORMATIVA 02-10-2020

Xa iniciado o curso, compre lembrar algunhas informacións:

**HORARIO DE SECRETARÍA:** días lectivos de 09:15 a 14:00 h.

### ENTRADAS E SAÍDAS.

Para evitar situacións de perigo, utilicen as beirarrúas segundo a sinalización. Este ano temos dúas quendas nas entradas e nos recreos e moitas medidas incrementando a hixiene e protección para evitar os contaxios, como xa saben.

A entrada con vehículo ao recinto escolar é só para vehículos autorizados (transporte escolar e persoal do centro).

As familias **non poden acceder aos corredores nin ás aulas no período lectivo**. Para consultas deben dirixirse á secretaría.

Coa intención de aumentar a responsabilidade dos nenos/as, non se levarán ás clases bocadillos, mochilas, carpetas, etc... Os rapaces/as son os encargados de traelos nas súas mochilas. Esta medida é máis necesaria que nunca pola situación sanitaria.

### Horario de apertura e peche da porta peonil:

- Pola mañá de 9:00 a 9:40 h.
- Pola tarde de 13:30 a 14:50 h.

As familias usuarias da aula matinal poderán acceder ao recinto a partires das 07:30h. Os/as alumnos/as que cheguen tarde dirixiranse á secretaría desde onde irán ás súas respectivas aulas tras cubrir o xustificante correspondente. Os/as titores/as rexistrarán o retraso e recollerán o correspondente xustificante.

Recomendamos, na medida do posible, que recollan aos alumnos/as coincidindo cos cambios de clase. O horario das sesións está exposto no taboeiro da entrada.

**COMEDOR ESCOLAR E AULA MATINAL** funcionan desde o día 14 de setembro e son xestionados pola ANPA. Non hai actividades extraescolares pola pandemia.

### AVISOS:

Lembramos que non está permitido o uso de móbiles ao alumnado.

Xa foi entregado a autorización para o "permiso de saídas 2020/21", e "autorización de persoas para recoller ao alumnado" segundo as instrucións 9/2017 da S.X. Técnica da Consellería de Educación (o alumnado de 5º e 6º pode marchar só e recoller aos irmáns menores) e os libros do fondo solidario.

Este curso presenta unha situación diferente ao resto: o virus condiciona a convivencia, actividades, tarefa docente, dinámicas de traballo... Todos xuntos, actuando de forma coordinada e respectando as normas recollidas nos documentos do centro, poderemos vencelo. Xa tivemos dous casos que condicionaron a corentena dunha aula – hoxe xa funcionando con normalidade- pero seguiremos pendentes para realizar as actuacións que cumpra en cada momento. Na páxina web do centro seguiremos publicando información.

Un saúdo e moito ánimo.

A DIRECCIÓN